

INFORMACIÓN ÓS MEDIOS

O MEU PASO POLO QUIRÓFANO, PRIMEIRO CONTO INTERACTIVO PARA NENOS E NENAS QUE TEÑEN QUE SE OPERAR, RECOÑECIDO NA I XORNADA DE HUMANIZACIÓN VIRTUAL

- **As autoras son as profesionais do CHUF, a mestra da aula hospitalaria, Pilar Porta, e a especialista en Anestesia, Esther Moreno López. O ilustrador é Iván Fernández Guillán**
- **A conxugación dun conto para a infancia, un álbum ilustrado con finalidade pedagóxica e sanitaria, e unha guía psicopedagóxica sitúao como un exemplo de humanización trasladada á asistencia, e foi destacado nesta Xornada**
- **A I Xornada de Humanización do Servizo Galego de Saúde celebrábase onte de xeito virtual e amosábanse distintos proxectos de humanización nas sete áreas sanitarias**

Ferrol (ASF), venres 4 de decembro de 2020.- *O meu paso polo quirófano* é o primeiro conto verdadeiramente interactivo que ten como eixe principal os nenos e nenas que se van operar; e que ten como obxectivo que saiban todo o que rodea ese proceso e as persoas que van a participar nel. Estas son algunhas das cualidades que sitúan a este proxecto como un dos escollidos para representar á Área Sanitaria de Ferrol na *I Xornada de Humanización do Servizo Galego de Saúde*, que se celebraban onte de xeito virtual, e na que se amosan proxectos das sete áreas sanitarias. Tódalas Áreas presentaban unha iniciativa e os equipos de humanización valoraban cunha serie de indicadores os proxectos dos compañeiros. O meu paso polo quirófano obtivo o maior recoñecemento ó ser a iniciativa máis votada polos equipos de humanización das áreas sanitarias, os representantes das asociacións de pacientes; e polo equipo da Subdirección de Humanización do Sergas.

“Estas xornadas son un punto de encontro para que profesionais de tódalas áreas sanitarias poidan intercambiar e compartir modos de actuación, experiencias e proxectos, poñendo en valor a súa profesionalización e vocación, coa única fin de proporcionar a mellor asistencia posible a pacientes”, indican dende o Servizo Galego de Saúde. As autoras de *O meu paso polo quirófano* son dúas profesionais do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, a mestra da aula hospitalaria, Pilar Porta Rodríguez; e a facultativa especialista en Anestesia e Reanimación, Esther Moreno López. O ilustrador é Iván Fernández Guillán.

A peculiaridade desta publicación é que conxuga un conto para a infancia, un álbum ilustrado con finalidade pedagóxica e sanitaria, e unha guía psicopedagóxica a través de diversas actividades de lectura, de escritura e de creación artística. Con el, os nenos e nenas asumen o proceso da cirurxía que se realizará no seu propio corpo. As autoras realizaron unha análise previa dos materiais que existen ata o momento tanto en territorio autonómico, como estatal e europeo. Hai publicacións neste senso, pero ningunha ten esta abordaxe global de tódolos elementos e fases do proceso da cirurxía, e, ademais, que introduza a participación do neno con diferentes ferramentas interactivas de traballo, materializando así a humanización nun proceso real.

Saber de todo antes de se operar

A publicación, coa que se traballa tanto previa como posteriormente á cirurxía, empra os nenos ou nenas no centro hospitalario, neste caso, o Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, e axúdalle coa súa identificación (pulseira de chegada). Posteriormente, sitúa ó neno no seu propio corpo, alí onde está concretamente a súa patoloxía. Neste apartado, rodean o corpo humano tódalas persoas que participan do seu proceso no hospital, dende, por exemplo, os celadores ou os xastres e xastras que lle facilitan o pixama, pasando por tódolos profesionais implicados no andar de hospitalización, ata o seu anestésista ou cirurxián xa no quirófano. O neno ou nena aprende a identificalos e clasificalos con adhesivos segundo a seu rol no proceso.

Coa mesma identificación trabállase xa no propio quirófano, describindo os e as profesionais que van estar alí, quen son cada un, e que fan; e ensínase concretamente o que se lle vai facer, por exemplo, que é unha vía, como se lle van poñer os electrodos, e como terá que dicirlle ós seus pais, nais e titores: “ata despois”, isto é, o momento de se separar dos seus seres queridos para entrar no quirófano. Neste punto, os nenos e nenas reflexionarán sobre que pensan ou senten.

Unha das riquezas desta publicación radica en que tamén se trata o período posterior, traballase coas secuelas da súa operación, en como o que se lle fixo afecta ó seu corpo, e como será a Reanimación, na que xa estará novamente cos seus pais ou cuidadores. “Como afronta o neno o que lle pasa é fundamental, e está demostrado que canto máis coñece todo o que rodea a esa cirurxía, máis tranquilo irá”, afirman as autoras. Esta publicación recolle todos eses aspectos.

En definitiva, este conto interactivo, *O meu paso polo quirófano*, deseñouse baixo unha intención e dirección múltiple, explican as autoras, para os nenos e nenas que precisan someterse a unha operación, por suposto, e en primeiro lugar; pero tamén pode ser unha ferramenta de apoio para os pais, nais e titores legais como coadxuvantes ante o ingreso cirúrxico dos seus fillos e fillas; ás mestras das aulas hospitalarias galegas para facilitar o seu labor docente co neno hospitalizado con este motivo; ós profesionais sanitarios, a modo de guía de orientación inicial previa ó proceso de hospitalización; e, tamén, ós centros escolares de referencia, para o seu coñecemento e uso a través dos servizos de orientación educativa e das bibliotecas para aqueles nenos que o precisen. Esta transversalidade e a súa aplicación á clínica sitúano como un bo exemplo da humanización real da asistencia.

Fíxose unha edición inicial de 1.000 exemplares que serán distribuídos polas sete aulas hospitalarias galegas. As autoras “agradecen enormemente a implicación de tódalas entidades colaboradoras, Xunta de Galicia, Sergas, Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Asociación Ferrolá de Anestesia Reanimación e Dor (Afeard)”.

SAÚDOS,
COMUNICACIÓN ÁREA SANITARIA DE FERROL.